

**ACTA Nº 2020/05**  
**SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALON DE PLENOS, sábado 13 de xuño do 2020 -**

No día de hoxe, ás 11:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, a través de medios telemáticos, coa asistencia do Secretaria-Interventora accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria Urxente do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SECUNDINO GARCIA CASAL

**ASISTEN :**

**BNG**

MARÍA DEL CARMEN MUÍÑO FILGUEIRA

MANUEL VARELA MECÍAS

MARÍA AMPARO CALVO GONZÁLEZ

ANA BELÉN BREIJO GUNDÍN

TOMAS CALVO GARCÍA

MANUEL BECEIRO COUCE

**PARTIDO POPULAR**

MARÍA BELÉN TRIGO MEIZOSO

MARÍA ESTHER DÍAZ VERGARA

JOSÉ LUIS HERMIDA PRIETO

**PSOE**

LOIS ANXO RODRÍGUEZ CALVO

**SECRETARIA:**

MÓNICA CIBREIRO CANEIRO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a continuación a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

**PRIMEIRO.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA SESIÓN.**

O Alcalde comeza explicando a motivación do carácter urxente da sesión extraordinaria ven dada por dúas razóns. Non se puido celebrar con anterioridade porque o prazo para a elección das mesas electorais comeza nese mesmo día, e en segundo lugar, non se pode aprazar porque é necesario ratificar un dos asuntos antes do lúns que é cando remata o prazo para solicitar as subvencións para o pacto dos Alcaldes.

A continuación procédese a ratificar o carácter urxente da sesión. Ratifícase por unanimidade.

**SEGUNDO.- RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO AO PACTO DAS ALCALDÍAS POLO CLIMA E AS ENERXÍAS SUSTENTABLES.**

**Dase conta da seguinte Resolución que se transcribe literalmente:**

***“RESOLUCIÓN***

***ASUNTO: ADHESIÓN AO PACTO EUROPEO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE***

***EXPEDIENTE:2020/G003/000154***

***ANTECEDENTES:***

*O Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrupa a milleiros de gobernos locais que de forma voluntaria se comprometen a implantar os obxectivos en materia de clima e enerxía da UE.*

*O lanzamento do Pacto dos Alcaldes tivo lugar en 2008 en Europa co propósito de reunir aos gobernos locais que voluntariamente se comprometeron a alcanzar e superar os obxectivos da UE en materia de clima e enerxía. A iniciativa inclúe agora a máis de 7000 autoridades locais e doutros ámbitos de 57 países que procuran aproveitar os puntos fortes dun movemento que involucra múltiples actores e conta co apoio técnico e metodolóxico de oficinas dedicadas.*

*As autoridades locais desempeñan unha función clave na mitigación do cambio climático. A participación no Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía procura o establecemento de redes necesarias para impulsar os compromisos en materia de enerxía e clima a un nivel superior.*

*Este Pacto está aberto a todas as autoridades locais democraticamente constituídas por representantes electos, independentemente do seu tamaño e do estado de implantación das súas políticas en materia de enerxía e clima.*

*Desde os concellos pequenos e medianos pode presentarse un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible no que se compromete ben de maneira individual ou colectiva, xunto con outros concellos, para un obxectivo de redución do CO2 do 40 % e un aumento da resiliencia ante o cambio climático.*

*Cando se incorporan oficialmente ao Pacto dos Alcaldes, os asinantes comprométese a desenvolveren un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible no prazo de dous anos.*

*No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,*

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a adhesión do Concello de San Sadurniño ao Pacto dos alcaldes polo Clima e a Enerxía.*

**SEGUNDO.-** *Someter esta resolución á aprobación do Concello Pleno na primeira sesión que se realice."*

A Sra. Muíño, como portavoz do grupo de goberno sinala que tal como se reflexa na documentación, o Pacto dos Alcaldes é una acción que se lanza en 2008 e que constitúe unha rede de intercambio de coñecemento e boas prácticas para avanzar na consecución dos obxectivos da Unión Europea en materia de clima e enerxía. Esta rede, a parte deste intercambio de coñecemento e apoio a través das súas oficinas técnicas ó desenvolvemnte de accións dos Concellos para avanzar nesta materia, leva aparelado un soporte de financiación a través de fondos europeos. Isto permite que os Concellos poidan ir desenvolvendo accións concretas vinculadas ó territorio como pode ser ese plan de acción para o clima e enerxía sostible. Realmente consiste en facer un diagnóstico da situación actual tanto dos riscos e vulnerabilidades que se detecten a nivel local así coma deseñar accións nas que cada Concello debe ir avanzando para axustarse a eses obxetivos. Para poder participar desas axudas que

Ile permiten levar adiante esas accións de interese, é necesario adherirse e sumarse a este pacto. Ademáis, o feito de avanzar cara un modelo de Concello sostible e máis respetuoso co medio está perfectamente aliñado co que son os obxetivos de goberno deste Concello.

O Sr. Rodriguez manifesta que está de acordo. Dende o 2008 está vixente este pacto do que ten coñecemento e Ile parece moi interesante. Preguntase si exige que a nivel local se faga, ademáis dos obxetivos da Unión Europea que son obxectivos xerais e a gran escala, un maior nivel de concreción de obxectivos a medio e longo prazo en cada Concello, así coma a elaboración dun plan específico. Considera que hai que ter uns obxectivos concretos para comprobar se realmente se avanza ou non, mediante unha serie de indicadores. Supón que nesa liña o exixirá o pacto. Parécelle interesante que existan unas directrices concretas a medio e longo prazo co compromiso de todos.

A Sr. Trigo sinala que pola parte do seu grupo están a favor de que se aproben as axudas que da a Xunta, con fondos europeos e que non hai que esperar a última hora de todo xa que se publicou o 14 de maio e que se está a última hora para entregala.

A Sr. Muiño, diríxese ó Sr. Rodriguez e sinala que tal como aparece na resolución, unha das accións que leva aparelado sumarse a este Pacto dos Alcaldes é a elaboración de un Plan de acción para o clima e a enerxía sostible a nivel local. Tal e como dixo na intervención anterior, iso leva aparelado facer unha diagnose concreta da situación municipal e a partir de ahí determinar as accións nas que debería traballar o propio Concello para avanzar na consecución dos obxetivos.

En segundo lugar si que e certo que o procedemtno para a tramitación desa subvención iniciouse o entendendo que a adhesión ó pacto non requería de acordó plenario e o que se devolve é que para poder solicitar a subvención era requisito que a adhesión ó Pacto dos Alcaldes para o clima tivera acordo Plenario. Ese é o motivo da espera e non tanto esperar ó último momento para presentala.

O Sr. Alcalde sinala que por parte da Consellería de Medio Ambiente, convocouse ós Alcaldes a unha xuntanza en Mondoñedo xusto cando se iniciou o período de alarma sanitaria e quedou posposta por iso. Despóis solicitouse a axuda de subvencións nese periodo. O Concello fixo unha Resolución mediante a que se adherían o Pacto dos Alcaldes para poder solicitar a subvención coa idea de ratificala no seguinte Pleno. O que se di por parte da Xunta é que non poden admitir a solicitude ata que se

reenvíe de novo unha vez ratificada polo Pleno. Polo tanto estanse a manter os tempos que había. Evidentemente é moi tarde, xa que isto ven do 2008, pero e que dende o 2009 está gobernando o mesmo gobernó na Xunta. Os retrasos non son imputables ó Concello de San Sadurniño. A subvención sae cun gobernó en funcións, non sae antes.

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación co seguinte resultado:  
**ratifícase por unanimidade.**

**TERCEIRO RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 129/2020 DO 20 DE MAIO POLA QUE SE SOLICITA O POS+ADICIONAL 2/2020 INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES.**

Dase conta da seguinte resolución que se transcribe literalmente:

**“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO:** RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DO POS+ADICIONAL 2 / 2020 INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES

**EXPEDIENTE:**2020/G003/000158

**ANTECEDENTES:**

*A Deputación provincial vén de aprobar o plan POS+ADICIONAL 2 /2020 destinados a investimentos e gastos correntes, por mor da pandemia do CIVID-19.*

*O Concello de San Sadurniño ten interese en participar no dito plan.*

*Con data do 21/05/2020 aprobouse a resolución de solicitude, pero contiña un erro material, que é preciso rectificar*

*No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:***

*1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

<b>Gastos correntes</b>	<b>Deputación</b>
-------------------------	-------------------

<i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	<b>366,89 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

<b>Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<i>PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO EIREXADO A LOURIDO</i>	57.666,53 €	0,00 €	57.666,53 €
<i>MELLORA DA ILUMINACIÓN EN MARQUES DE FIGUEROA, OUTEIRO, ENXERTO, AGRA DE ARRIBA E CURRÁS</i>	67.000,13 €	0,00 €	67.000,13 €
<b>TOTAL</b>	<b>124.666,66 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>124.666,66 €</b>

**C ) Resumo:**

<b>RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020</b>	<b>Financiamento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Gastos correntes</b>	<b>366,89 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>366,89 €</b>
<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	<b>124.666,66 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>124.666,66 €</b>
<b>Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>125.033,55 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>125.033,55 €</b>

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

5.- *Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

6.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

7.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

8.- *Ratificar esta resolución no Pleno municipal na primeira sesión que se realice”*

O Sr. Alcalde sinala que había un erro na tramitación, na casilla na que había que incluír os 366 euros que sobran do investimento. Era necesarios ubicalos nunha casilla de gasto corrente que estaba equivocada. Dende o Servizo de Plans da Deputación da Coruña solicitaron esa corrección e como era un acordo plenario, era necesario ratificalo no Pleno.

A Sra. Trigo sinala que comparando a resolución que se ratifica nesa sesión coa que se corrixe, entregada para a sesión na que se ratificou, non atopan ningunha diferenza. Non sabe si foi un erro ó envíalo ou foi un trámite electrónico ou dos impresos. Nas follas do pleno de antes e a que lles chegou para este pleno e a mesma.

O Sr. Alcalde sinala que a casilla que está errónea ubícase na plataforma Subtel. Trátase dunha cuestión técnica.

Procédese á votación sendo ratificada por unanimidade.

**CUARTO.- SORTEO PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS NAS VINDEIRAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 12 DE XULLO DE 2020.**



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Procédese a facer o sorteo pola Secretaria-Interventora accidental. A continuación da lectura dos resultados do sorteo nomeando os membros resultantes así coma dos suplentes por colexios electorais.

Unha vez finalizado o sorteo, o Sr. Alcalde sinala que comunicarase a todos os elixidos.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as once horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretaria-Interventora accidental, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO – INTERVENTOR